

Ola, alumnos e alumnas de 4º!

Xa pasamos as vacacións de Semana Santa pero a partir de hoxe temos que volver facer un oco cada día para as actividades do cole, sen présas, pero acostumándonos outra vez ás rutinas.

Pouco a pouco tivemos que “adaptarnos” a esta nova situación e, aínda que resultou complicado, coa vosa implicación e o voso esforzo foi todo moito máis sinxelo.

Estádesnos a demostrar que sodes “moi grandes” e nós as titoras estamos moi orgullosas de vós. Seguide así, un pouquiño máis e xa estamos de volta para abrazarnos de novo. Sabedes que nos tedes para todo o que precisedes.

Moitos bicos e apertas dende a distancia, dentro de nada serán bicos e apertas de verdade!

As vosas titoras

PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA 4º DE PRIMARIA:

1. Lengua castellana:

Escribe diálogos para estas situaciones:

- a. Un compañero (Luis) te ha insultado y tú le respondes serenamente, sin enfadarte.
- b. Juan le presta un objeto importante para él a Eva y ella lo pierde. Juan se enfada.
- c. El payaso de un circo habla con el trapecista sobre la función que han tenido hoy en Coruña

Los diálogos deben tener un mínimo de 10 líneas.

2. Lingua galega:

Inventa dous xogos:

- a. Un para os días que chove e temos que pasar o recreo na aula.
- b. Outro para os días que podemos saír xogar ó patio.

Elabora as normas do xogo, fai unha descrición do mesmo e crea o material que se precise (se fose necesario).

3. Matemáticas:

Imos repasar a simetría. Tedes que debuxar 8 figuras que ao dobralas pola metade sexan simétricas e coincidan. As oito figuras deberían caber nunha folla polas dúas caras. Se podedes empregar unha folla con cuadrícula será moito máis doado.

4. Naturais:

Comemos unha mazá, collemos a semente e...

Partindo desta frase e axudándote de debuxos explica os pasos que segue ese semente ata volver a estar dentro dun froito.

5. Sociais:

Imos comezar a crear o noso atlas (libro de mapas) persoal. Empezaremos por debuxar, calcar ou imprimir un mapa de Galicia e outro de España e nel imos colocar os ríos máis importantes, os mares e o océano que xa estudamos na aula.

España:

- Vertente cantábrica: Navia, Nalón, Narcea e Nervión.
- Vertente atlántica: Miño, Douro, Texo, Guadiana e Guadalquivir.
- Vertente mediterránea: Llobregat, Ebro, Turia, Xúcar e Segura.

Galicia:

- Vertente cantábrica: Navia e Eo.
- Vertente atlántica: Eume, Xallas, Tambre, Ulla, Lárez, Miño (Sil).